



Resolución do 20 de novembro de 2017, da Axencia Galega de Infraestructuras, pola que se aproba provisionalmente a delimitación da liña límite de edificación da estrada autonómica LU-161 “Landrove (LU-540) - Ferreira de Valadouro (LU-160)” no treito situado entre os PP.QQ. 2+430 a 2+690, na marxe esquerda, e se acorda someter a antedita delimitación a información pública e a informe do Concello de Viveiro.

Vestas Manufacturing Spain solicitou a redución da liña límite de edificación da estrada autonómica LU-161, na marxe esquerda no entorno do P.Q. 2+600, ao seu paso polo parque empresarial de Chavín, en aplicación da excepcionalidade recollida no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Á vista dos informes da Área de Planificación e Proxectos e do Servizo Provincial da Delegación da Axencia Galega de Infraestructuras de Lugo sobre o asunto,

RESOLVO:

- 1 Aprobar, ao abeiro do establecido no artigo 41.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, con carácter provisional, a delimitación da liña límite de edificación da estrada autonómica, segundo o plano que se xunta, que supón a seguinte redución, con respecto á establecida con carácter xeral na antedita Lei:
 - Pola marxe esquerda situándoa a 9,5 m dende a liña exterior da delimitación da calzada, entre os PPQQ 2+430 e 2+480 e entre os PPQQ 2+560 e 2+650.
 - Pola marxe esquerda situándoa a 4 m dende a liña exterior da delimitación da calzada, entre os PPQQ 2+510 e 2+560 e entre os PPQQ 2+650 e 2+690.
- 2 Tramitar a antedita delimitación segundo o procedemento establecido no artigo 103 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, o cal supón:
 - Sometela a información pública, polo prazo de trinta días hábiles, anunciándoa no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de anuncios do Concello de Viveiro e na páxina web desta Axencia, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida formular as alegacións que estime pertinentes.
 - Remítilla ao Concello de Viveiro, a fin de que, en dito prazo, se manifeste.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias

